

MESA SECTORIAL 17-06-2024

Sentenza de persoal residente

O SERGAS confirma que van aplicar de “oficio” a sentenza polo conflito colectivo interposto pola **CIG-Saúde** que recoñece o dereito do persoal residente (MIR, EIR...) a percibir o mesmo salario base que o persoal estatutario coa mesma titulación.

Esta sentenza recoñece o pago de atrasos desde un ano antes de que a CIG-Saúde presentara a demanda no xulgado.

A Directora de RRHH do SERGAS quedou na Mesa Sectorial en enviar a data concreta a partir da cal ían aboar de “oficio” este pago de atrasos, e que no mes de xullo regularizarán as nóminas pagando estes atrasos.

Desde **CIG-Saúde** non imos paralizar as reclamacións presentadas e/ou que se están presentando ata ter confirmada por parte do SERGAS esta data e non perdan ningún dos atrasos aos que teñen dereito.

Para máis información, diríxete aos/ás delegados/as de CIG-Saúde do teu centro

